

SANTIAGO, PEQUENA HISTORIA NATURAL

ANNA TURBAU

TURBAU, Anna
Santiago: Pequena historia natural / Anna Turbau. -- Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico 1993. - 130 p. ; 21 cm. -
D.L.G.: C - 1419 / 1993 - ISNB: 84 - 8121 - 017 - X
I. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, ed.
1. Santiago de Compostela (España) - Fotografías

Edita: Servicio de Publicacións
e Intercambio Científico
Campus Universiatrio

Imprime: Axencia Gráfica
Santiago

Dep. Legal: C - 1419 / 93

Mal se lle acomodan –a Santiago– as clasificacións, as taxonomías. Porque é da época das historias naturais. Onde cada couso que se nos fai visíbel non terá de eliminar ao outro se non que vai e ampla a súa compresión.

Por iso, ao querer intervir dende a Universidade de Santiago no eido da producción de imaxes, decidimos radicalizar as posibilidades de intercambio entre a persoa que narra e a persoa que se narra a sí en canto vé unha foto, o espectador, exhibindo o valor do contexto e das desavenencias entre o que pensamos como real e isto que ollamos e que sabemos que é representación, e que é quen lle outorga sentido á nosa consciencia do real.

O noso desexo foi unha cámara a se desplazar pola cidade adentro, sen estrañala; sen servicias mediáticas –non é o discurso xornalístico o lugar desta producción–; sen temores de deus; á marxe de obsesións informativo-hipertactistas; resituando a práxis fotográfica na maneira de ollar, que é cando Anna Turbau vai e constrúe significacións metafóricas co seu silencio lento e desxerarquizado.

Eu tivera traballado con Anna para compor un libro con materiais diversos que rotulamos, no ano 89, como *Linguas Mortas*. Nel está parte do seu traballo en Galicia cara a fin dos setenta. E para *Santiago, pequena historia natural* Anna sería esa singularidade do narrador que se narra a sí propio, actitude que se constituíu nunha das constantes nas que se define o Documentalismo Fotográfico cando xa está na consciencia xeral, para o DF, a súa inevitábel producción de sentido e a súa historicidade.

Desta maneira Anna Turbau regresaba a Santiago. Nas fotos que fixo no 92 mudaron certos estilemas, certos apoios como o da figura humana, para meterse por entre a recodificación de símbolos que nos impón unha cidade Piscis como Compostela, rebasando texturas, espacios endexamais vistos, paisaxes tan contradictorios como contradictorio é o noso cotián que seguimos identificando, nas imaxes de Anna, *así de natural*. Por desreal.

Margarita LEDO ANDIÓN.